

Informe sobre as variacións dos Índices de prezos de consumo

Datos correspondentes a outubro de 2025


Data de publicación: 14/11/2025

Principais resultados

- En outubro de 2025, o índice xeral rexistrou un crecemento interanual do 2,7 % en Galicia.
- A taxa de variación mensual do índice foi do 0,6 %.
- A taxa interanual da inflación subxacente foi dun 1,8 %.

Índice xeral e subxacente. Galicia

Unidade: Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE. Índices de precios de consumo. Extraído de <http://www.ine.es>.

1. O IPC do mes de outubro de 2025

O IPC de Galicia aumentou o 2,7 % en taxa interanual, catro décimas menos que en España (3,1 %). Respecto a setembro, os prezos aumentaron o 0,6 % en Galicia e o 0,7 % en España.

IPC xeral

Unidade: Taxa de variación (%)

	Mensual	No que vai do ano	Anual
Galicia	0,6	2,0	2,7
España	0,7	2,4	3,1

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

A variación interanual da inflación subxacente (índice xeral sen alimentos non elaborados nin produtos enerxéticos) foi do 1,8 %, sete décimas menos que a nivel estatal (2,5 %).

2. Variacións intermensuais

En variación intermensuais, os grupos con maiores incrementos dos prezos en Galicia foron "Vestido e calzado" (10,4 %) e "Alimentos e bebidas non alcohólicas" (1,2 %).

En senso contrario, os grupos con maior baixada dos prezos foron "Restaurantes e hoteis" (-0,8 %), "Sanidade" (-0,3 %) e "Ocio e cultura" (-0,3 %).

Índice xeral e por grupos ECOICOP

Unidade: Taxa de variación mensual (%)

Grupo ECOICOP	Galicia	España
Índice xeral	0,6	0,7
Alimentos e bebidas non alcohólicas	1,2	1,4
Bebidas alcohólicas e tabaco	-0,2	0,1
Vestido e calzado	10,4	8,2
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	0,9	0,9
Mobles, artigos do fogar e artigos para o mantemento corrente do fogar	0,5	0,4
Sanidade	-0,3	0,2
Transporte	0,1	0,3
Comunicacións	0,0	0,0
Ocio e cultura	-0,3	-0,8
Ensino	0,9	0,7
Restaurantes e hoteis	-0,8	-0,1
Outros bens e servizos	-0,2	0,2

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

3. Variacións interanuais

Todos os grupos rexistran taxas de variación interanual positivas agás "Ocio e cultura" (-0,8 %). Os grupos con maior crecemento interanual dos prezos son "Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles" (7,1 %) e "Restaurantes e hoteis" (4,5 %).

Índice xeral e por grupos ECOICOP

Unidade: Taxa de variación anual (%)

Grupo ECOICOP	Galicia	España
Índice xeral	2,7	3,1
Alimentos e bebidas non alcohólicas	2,2	2,4
Bebidas alcohólicas e tabaco	3,9	4,1
Vestido e calzado	1,4	0,5
Vivenda, auga, electricidade, gas e outros combustibles	7,1	7,5
Mobles, artigos do fogar e artigos para o mantemento corrente do fogar	0,3	0,9
Sanidade	2,0	2,2
Transporte	2,1	2,4
Comunicacións	1,8	1,8
Ocio e cultura	-0,8	0,1
Ensino	2,5	2,5
Restaurantes e hoteis	4,5	4,4
Outros bens e servizos	2,5	3,4

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

4. Información por provincias

En relación cos índices provinciais, a taxa de variación mensual dos prezos variou entre o 0,6 % da Coruña e Pontevedra e o 0,9 % de Ourense.

En variación interanual, as taxas movéronse entre o 2,3 % de Pontevedra e o 3,6 % de Lugo.

IPC xeral por provincias

Unidade: Taxa de variación (%)

Provincia	Mensual	No que vai de ano	Anual
A Coruña	0,6	2,0	2,8
Lugo	0,7	2,0	3,6
Ourense	0,9	2,3	2,8
Pontevedra	0,6	1,9	2,3
Galicia	0,6	2,0	2,7

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

5. Información por comunidades e cidades autónomas

A taxa de variación mensual do IPC moveuse entre o 0,2 % de Ceuta e o 1,2 % de Melilla.

En termos de inflación interanual, a taxa variou entre o 2,2 % de Rexión de Murcia e o 3,6 % de Comunidade de Madrid e Illas Baleares.

IPC xeral nas comunidades e cidades autónomas

Unidade: Taxa de variación (%)

	Mensual	No que vai do ano	Anual
España	0,7	2,4	3,1
Andalucía	0,9	2,5	3,2
Aragón	0,8	2,4	3,1
Asturias (Principado de)	0,5	2,2	3,1
Baleares, Illas	0,4	2,8	3,6
Canarias	0,9	1,9	2,5
Cantabria	0,9	2,1	3,2
Castela e León	0,7	2,1	3,0
Castela-A Mancha	0,9	2,0	2,8
Cataluña	0,4	1,9	2,6
Comunidade Valenciana	0,6	2,8	3,5
Estremadura	0,9	2,3	2,7
Galicia	0,6	2,0	2,7
Madrid, Comunidade de	0,8	3,0	3,6
Murcia, Rexión de	0,5	1,6	2,2
Navarra, Comunidade Foral de	1,0	2,2	2,7
País Vasco	0,6	2,4	3,2
Rioxa, A	0,6	1,7	2,8
Ceuta	0,2	2,7	3,4
Melilla	1,2	2,2	2,8

Fonte: INE. Índice de precios de consumo. Extraído de: <https://www.ine.es/>.

6. Previsións

O valor previsto para a variación interanual do índice xeral de Galicia era do 2,7 % no mes de outubro de 2025, igual ao valor acadado polo índice. Na inflación subxacente, a predición (1,9 %) foi unha décima superior ao valor finalmente observado (1,8 %).

Avaliación das previsións do mes de outubro . Galicia

Unidade: Taxa de variación (%)

Grupos especiais	Mensual		Anual	
	Observada	Predición	Observada	Predición
Índice xeral	0,6	0,6	2,7	2,7
Inflación subxacente	0,5	0,6	1,8	1,9
Alimentos sen elaboración	2,6	1,8	8,1	7,3
Alimentos elaborados	0,3	0,4	0,2	0,3
Bens industriais sen produtos enerxéticos	2,0	2,1	0,6	0,7
Produtos enerxéticos	0,3	-0,5	6,6	5,7
Servizos	-0,1	0,0	3,1	3,2

Fonte: IGE.

A predición para o mes de novembro de 2025 do IPC xeral en Galicia é dunha taxa interanual do 2,5 %, dúas décimas inferior á rexistrada en outubro. A predición sobre o mes anterior é dunha taxa do 0,1%.

Previsións para o mes de novembro . Galicia

Unidade: Taxa de variación (%)

Grupos especiais	Mensual	Anual
Índice xeral	0,1	2,5
Inflación subxacente	0,1	1,9
Alimentos sen elaboración	0,3	8,2
Alimentos elaborados	0,1	0,4
Bens industriais sen produtos enerxéticos	0,8	0,6
Produtos enerxéticos	-0,4	3,8
Servizos	-0,2	3,2

Fonte: IGE. Informe sobre as variacións dos índices de prezos de consumo ([descarga da táboa](#)).

7. Notas metodolóxicas

A predición do IPC xeral baséase na desagregación do mesmo en cinco compoñentes. Esta desagregación realízase da seguinte forma: unha primeira desagregación entre bens e servizos partindo da base de que a estrutura de custos e a facilidade a niveis maiores de competencia é moi distinta nestes dous grupos. Dentro do sector de bens, as características da oferta son moi distintas e convén distinguir fundamentalmente catro tipos de bens: alimentos non elaborados, alimentos elaborados, bens industriais sen produtos enerxéticos e produtos enerxéticos. No sector servizos non se realiza ningunha distinción.

Para cada un dos compoñentes realízase unha modelización univariante, agás para os combustibles e carburantes (un dos compoñentes de produtos enerxéticos) onde se contrasta a súa evolución cos prezos do cru nos mercados internacionais e cos prezos dos combustibles e da electricidade a través de modelos BVAR.